
POLO MAR SALGADO

Texto de NIEVES GARCÍA GARCÍA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Ilustraciones de MARINA GIBERT

Encadernado en cartón. 19 x 19 cm. 20 páX. 12 €

[Polo mar salgado](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-340-0. Prelecturas. Acartonados.

[Por la mar salada](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-341-7. Prelecturas. Acartonados.

[Per la mar salada](#) (català)

ISBN 978-84-10387-01-0. Prelectures. Cartró.

[Itsaso gazian](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-395-0. Lehen irakurleak. Kartoizko liburuak.

Polo mar salgado,

vai a branca lúa.

Navega e navega

con ondas de escuma...

Coma nun soño, «Polo mar salgado» é unha divertida singradura a bordo da lúa; unha viaxe onírica para prelectores e primeiros lectores ao ritmo de coplas de estrutura tradicional, cunha marcada oralidade na que resoan os versos de Federico García Lorca, Miguel Hernández ou Rafael Alberti; unha aventura coa que descubrir a rica biodiversidade do medio mariño acompañando unha nena no seu encontro con peixes, cetáceos, moluscos, corais e outras especies.

Nieves García constrúe un melódico poema circular que, na súa sinxeleza, contén un amplo repertorio de imaxes literarias: metáforas, repeticións e unha linguaxe descritiva con sutís toques de humor que guía a lectura visual a través das suxestivas ilustracións de Marina Gibert, que destacan pola variedade e pola intensidade da súa paleta cromática.

Os protagonistas deste libro acartonado teñen distintas formas, tamaños e cores; un territorio acuático cheo de dinamismo que contrasta coa quietude da noite estrelada, da grandeza da marusía fronte ao mundo da superficie, a vida entre correntes mariñas e o carácter estático da vexetación en terra firme.

Non hai mellor barca que a luna -ou o seu reflexo- para navegar, ni mellor temón que a poesía -especialmente dende as primeiras idades- para marcar o rumbo desta tenra e encantadora expedición.



-
- **Temática:** poema do mar e da noite.
 - **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.
 - **Aspectos destacables:** a noite, o sono; mares e océanos, fauna e flora mariña; texto con letra maiúscula; recursos da poesía tradicional, oralidade, musicalidade; das autoras de «¡A la luna, a las dos y a las tres...!» (XI Premio Internacional Orihuela) e «Selva» (XIV Premio Internacional Compostela).
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/polo-mar-salgado-g>
-

Nieves García García

(Aspe, 1957)

Docente e escritora. Diplomada en Ciencias Sociais pola Universidade de Alacant, durante catro décadas foi profesora de Educación Primaria no colexio Perpetuo Socorro de Aspe. Completou a súa formación en numerosos cursos de Literatura Infantil e Xvenil. Tamén investigou sobre a cultura popular do seu pobo, publicou artigos en revistas locais como «La Jira» e «La Serranica» e participou como ponente nas Xornadas de Investigación do Museo Histórico de Aspe. Gañou o XI Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos con «¡A la luna, a las dos y a las tres...!» (KALANDRAKA), o IX Premio de Investigación Manuel Cremades e o 1º Premio do Certame de Microrrelatos 2016 do Concello de Novelda, entre outros recoñecementos.

Marina Gibert

(Girona, 1989)

Como ilustradora formouse na Escola de Arte e Deseño La Llotja de Barcelona, ampliando os seus estudos no Seminario de Ilustración do Centro de Arte e Comunicación Ar.Co de Lisboa. Recibiu o XIV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Selva» (KALANDRAKA). Na súa obra, marcada polo protagonismo da natureza, as culturas e as pequenas cousas, predominan o uso da cor e o traballo artesanal.
<https://www.instagram.com/marinagibert.illustration/>